

XEOGRAFÍA E HISTORIA – 4º ESO

Cronograma de contidos a tratar por avaliación

1ª AVALIACIÓN (setembro-décembro):

- UD. 1. As revolucións liberais e a resposta absolutista (1776-1848).
- UD. 2. Novas ideoloxías, novas formas de organización.
- UD. 3. O Estado español liberal: o seu proceso de construción (1812-1874).
- UD. 4. A Paz armada e o Imperialismo (1870-1914).

2ª AVALIACIÓN (xaneiro-abril):

- UD. 5. O Estado español liberal: a Restauración borbónica (1874-1931).
- UD. 6. O mundo entre 1914 e 1939.
- UD. 7. O mundo entre 1939 e 1991.
- UD. 8. O Estado español entre 1931 e 1975.

3ª AVALIACIÓN (abril-xuño):

- UD. 9. O mundo após 1991.
- UD. 10. O Estado español en democracia.
- UD. 11. As transformacións científicas e tecnolóxicas desde o s. XIX.
- UD. 12. A arte do s. XIX á actualidade.

Criterios de cualificación, avaliación e recuperación

- 70%: Media aritmética de DÚAS probas escritas e de igual valor cualificativo, á par de semellantes en estrutura e forma e seguindo unha escala numérica do 1 ao 10.
- 30%: Media aritmética de TRES táboas de indicadores (exercicios escritos) que se elaborarán por avaliación e que terán un valor individual e máximo de 1 PUNTO.

A nota do trimestre será a suma dos resultados obtidos en cada un dos instrumentos de avaliación, así como a nota final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións ordinarias.

A avaliación considerárase aprobada cando se obteña unha cualificación de 4,5 ou máis.

A cualificación a reflectir nos expedientes do alumnado será en números enteiros, polo que, no suposto de existiren decimais nas notas primixenias, aquelas cualificacións que teñan un 5 ou máis como primeiro decimal, serán redondeadas cara arriba. No seu oposto, serán redondeadas cara abaixo.

Aquel alumnado que aprobe o trimestre, mais que queira voluntariamente subir nota, poderá realizar un exame a final de curso de tódolos contidos da avaliación pertinente, o cal terá o valor do 70% estipulado nos criterios xerais. Se a nota resultante é inferior á media obtida na porcentaxe orixinal, manterase a primixenia.

Finalmente, aquel alumnado que sexa observado copiando nalgunhas das probas escritas terá un 0 nesa proba.

Criterios de recuperación

O alumnado que non supere a cualificación de 4,5 nunha avaliación, tras resolverse a suma das medias aritméticas de todos os criterios de cualificación arriba sinalados, terá que realizar un proba escrita no mes de xuño que será cualificada como o 100% da nota final dese trimestre.

No caso de suspender dita recuperación, empregárase a nota do exame de recuperación para facer media coas restantes avaliacións. Se a cualificación media global non supera o 4,5, o alumnado deberá realizar a proba escrita final da materia que será cualificada como o 100% da nota final da materia.

No seu defecto, aquel alumnado que suspenda ao longo do curso máis dunha avaliación terá que recuperar, no mes de xuño, as tres avaliacións ordinarias nunha proba escrita que será

qualificada como o 100% da nota final da materia e na que debe acadar un 5 como nota mínima para superar a materia.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación e todo o proceso será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

Modelo xeral de exame

As dúas probas escritas a realizar por cada avaliación terán a mesma estrutura e tempo de realización, á par que contarán cun máximo de contidos vencellados a DÚAS UNIDADES DIDÁCTICAS. As faltas ortográficas restarán até un máximo de 1 PUNTO.

Cada un dos exames constará de 4 preguntas obrigatorias:

- **Pregunta 1:** Análise e comentario dun texto histórico (**4 puntos**).
- **Pregunta 2:** Desenvolvemento dunha pregunta curta sobre un feito histórico concreto nun máximo de 10 liñas (**2 puntos**).
- **Pregunta 3:** Desenvolvemento dunha pregunta curta sobre un feito histórico concreto nun máximo de 10 liñas e a partir dun documento gráfico (mapa, imaxe, gráfica, etc.) (**2 puntos**).
- **Pregunta 4:** Elaborar un cronograma cunha serie de datas, feitos e persoeiros históricos (**2 puntos**).